

PREGO DE PRESCRIPCIÓNS TÉCNICAS

1.-CARACTERÍSTICAS DAS INSTALACIÓNS

Os postos deben ser desmontables, e terán unhas dimensións axeitadas ás características de cada autorización.

Os vendedores de artigos de alimentación estarán obrigados a dispoñer de instalacións de exposición, venda e almacenamento situados a unha distancia do chan non inferior a 60cm e, ademais, estarán dotas de paneis e protectores que eviten o deterioro ambiental e contacto directo das mercadorías co público.

Queda prohibida a venda ambulante na vía pública sen posto, isto é, con produtos colocados enriba do chan

No caso de que a venda se exerza cun vehículo, por ser preciso dispoñer de cámara frigorífica porque os artigos que venden requiran condicións de frío ou refrixeración.

2.-RÉXIME DE FUNCIONAMENTO

O mercadillo ubícase na Avda da Constitución e celébrase tódolos martes do ano excepto días festivos, segundo os seguintes horarios:

- De instalación: de 7.00h a 9.00 h.
- De funcionamento: de 9.00h a 14.00h.
- De recollida: de 14.00h a 15.00h

O concello reserva para si a facultade de modificar o emprazamento, así como o día e hora de celebración, se existiran necesidades xerais debidamente xustificadas.

A administración tamén ten a potestade de acordar, se se produciran circunstancias de orde público ou interese xeral que así o aconsellen, a suspensión da celebración deste mercadillo, polo tempo que resulte preciso para atender a prioridade xurdida, sen dereito a indemnización algunha.

3.- RECOLLIDA

As persoas autorizadas, ao final de cada xornada de mercado, deberán deixar limpos de refugallo os respectivos espazos. Para este fin deberán depositar o lixo nos depósitos colocados para tal efecto, desfacendo as caixas grandes para aproveitar axeitamente a capacidade dos depósitos.

4.-EXTINCIÓN

Sen prexuízo do dispostos noutros preceptos, as autorizacións extinguiránse polas seguintes causas:

- a) Transcurso do tempo polo que outorgaron.
- b) Renuncia expresa e escrita do titular.



- c) Quebra do titular declarada por resolución xudicial firme.
- d) Causas sobrevidas de interese público antes de que remate o prazo polo que se outorgou a autorización.
- e) Morte do titular da autorización.
- f) Disolución da sociedade titular da autorización.
- g) Subalugueiro ou cesión do posto a un terceiro, agás transferencia a prol de cónxuxe ou fillo maior de 18 anos.
- h) Non ocupar ou permanecer o posto pechado por espacio de máis de TRES días consecutivos ou máis de SEIS non consecutivos ao longo do ano, agás causa xustificada a criterio do órgano que outorgou a autorización.
- i) Falta de pagamento da taxa dentro do prazo fixado.
- j) Falta de pagamento das sancións municipais que se impoñan.

En Boiro na data que figura ao marxe do documento.

O concelleiro delegado

